



faremos máis

Valentín González Formoso

Estimada veciña:
Estimado veciño:

Como xa sabes, o 27 de maio vanse celebrar as eleccións municipais 2007 e ti tes a oportunidade de decidir, co teu voto, nuns momentos de cambio socioeconómico como o actual, a composición política do noso concello para os vindeiros anos, e por iso, quero animarte a participar nestes comicios, que son especialmente importantes. O noso pobo necesita nestes novos tempos de novas maneiras de gobernar.

Por iso, a candidatura do PSdeG-PSOE, que teño a honra de encabezar, quere impulsar unha nova etapa para As Pontes, na que o obxectivo sexa tentar dar solución ós problemas que preocupan ós veciños (emprego, servicios sociais, educación, calidade de vida, servicios) cun equipo con capacidade de traballo, ilusionado, e disposto a conseguir as máis altas cotas de emprego, de mellora nos servicios e da calidade de vida e, en definitiva, a garantirlle un futuro ós nosos rapaces sen que teñan que marchar fóra a gañarse a vida. Necesitamos un goberno novo, con novas políticas e un sincero talante democrático, que goberne para todos os veciños, sen exclusións, e baseado no traballo e na colaboración co resto das Administracións.

Somos conscientes da importancia que teñen estas eleccións para o futuro de As Pontes, e por iso os socialistas elaboramos un ambicioso programa electoral, que queremos que sexa o noso compromiso contigo, e así crearemos en Penapurreira un **MILLÓN DE METROS CADRADOS DE SOLO INDUSTRIAL**, cun obxectivo de creación de emprego de entre **1.500 e 2.000 postos de traballo**. Acometeremos a **Reorganización e Potenciación dos SERVICIOS SOCIAIS**, co obxectivo, entre outros, de promover a creación nas Pontes dun Centro da Terceira Idade de carácter público da **Rede da Xunta**, como teñen outras vilas da comarca. Iniciaremos un **PLAN DE MELLORA DA CALIDADE DE VIDA nas Parroquias**, cun obxectivo inicial de que todas elas teñan un acceso ás vías principais de comunicación nas mellores condicións, que as conecten con facilidade ó casco urbano como fórmula de evitar a despoboación. **Plan de Mellora das condicións urbanísticas** tanto do casco urbán, como dos núcleos rurais das parroquias (medidas especiais na Vila e no centro urbán). Promoveremos con axuda da Xunta a Construción dunha **nova CASA DO CONCELLO**.

Por todo iso, pídoche o teu voto para a candidatura do PSdeG-PSOE, co compromiso de construír, entre todos, un As Pontes mellor.

Un afectuoso saúdo.

Valentín González Formoso
Candidato á alcaldía das Pontes

o teu voto pode

